

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2019/2	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	22 de febreiro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 20:06 ata as 21:31 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	Marcos Besada Pérez
<b>Secretario</b>	Berta Alonso Soto

### ASISTENCIA Á SESIÓN

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Carla M <sup>a</sup> Pérez Pérez	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
José Luís González Rodríguez	SÍ
Marcos Besada Pérez	SÍ
Miguel González González	SÍ
Mirian González Rodríguez	SÍ
M <sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén	SÍ
M <sup>a</sup> Teresa Pérez González	SÍ
Primitivo González Rodríguez	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Sergio Curra Moreira	NON
Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo SOuto	SÍ

Ángela Valcárcel Bernárdez

SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación das actas das sesións anteriores (nº 8/2018 e 1/2019)

##### a) Acta da sesión nº 8/2018, ordinaria de 21.01.2018:

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), o Señor presidente pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2018/8 ordinaria de 21 de decembro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**Sr. Núñez Troncoso:** Advirte que na páxina 7 no primeiro párrafo, terceira liña, pon 13 000 recibos e debería poñer 1 300.

**VOTACIÓN: Non existindo observacións, polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 8/2018, ordinaria de 21 de decembro, sendo aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes á sesión.**

##### b) Acta da sesión nº 1/2019, extraordinaria de 21.01.2019:

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), o Señor presidente pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2019/1 ordinaria de 26 de outubro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**VOTACIÓN: Non existindo observacións, polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 1/2019, extraordinaria de 22 de xaneiro, sendo aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes á sesión.**

#### Expediente 398/2019. Adhesión ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía.

Favorable

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

**Sr. Alcalde:** Da lectura a proposta de Alcaldía que literalmente dí:

*“A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollese ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.*

*A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.*

*O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.*

*Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométense a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos desde a data de adhesión. O PACES inclúe:*

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;*
- 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;*

*Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.*

*O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.*

*Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.*

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello de Salceda de Caselas, recoñezo que o noso compromiso esixe:

1. Un liderado político forte:

- Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.
- Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;

2. Un enfoque territorial integral e intersectorial.

3. A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

- O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.
- O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.

4. Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.

5. A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.

6. Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu, Marcos Besada Pérez, alcalde desta Corporación, comprométome a:

1. Reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.

2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.

3. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para eo Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.

4. *Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.*
5. *Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.*
6. *Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.*
7. *Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.*
8. *Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.*
9. *Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.*

*De conformidade co exposto, o Pleno acorda a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO: A adhesión do Concello de Salceda de Caselas ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.*

*SEGUNDO: Facultar ao Alcalde a representar ao Concello de Salceda de Caselas na sinatura do Pacto de Alcaldes e Alcaldesas e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.”*

**Sr. Alcalde:** Esta proposta de Alcaldía se basea basicamente no que nos demanda, por unha banda, o pacto de Alcaldes e Alcaldesas proposto pola Unión Europea que avala a Xunta de Galicia, e propoño eses dous puntos de adherirnos e facultar ao Alcalde para que asine e desenvolva as actuacións que acabo de citar.

**Sr. Rodríguez Davila:** Nós nos imos a sumar, isto está moi ben, as boas palabras e as boas intencións nunca están demais. Cando hai acordos plenarios ou iniciativas deste índole cara a sociedade damos un exemplo pero a realidade é que logo olvidámonos dos acordos aos que chegamos, como aquel “das cidades dos nenos”, está ben encher o pleno con iniciativas desta índole porque se non o pleno de hoxe non tería nada, no se traen temas importantes para Salceda como podería se o orzamento, legislar iniciativas que redunden nos nosos veciños. O noso grupo está de acordo en mellorar e reducir a contaminación ao do medio ambiente e polo tanto imos a votar a favor, oxalá que o que aquí se expresa se faga algo ao respecto e non quede nunha mera intención como ten sucedido noutras ocasións.

**Sra. Tourón Domínguez:** Pola nosa parte imos a apoiar a iniciativa, se ben é verdade que se non se traen uns orzamentos e non se dota de orzamento, unha medida como esta pois pouco se vai a poder facer de aquí a dous anos para presentar ese plan, estamos de acordo en que todo o que se poida facer en materia de clima é bo para todos e o noso voto vai ser a favor.

**Sr. González Rodríguez: desde** movemento Salceda apoiamos a proposta, este Goberno ven demostrando nesta lexislatura e nas anteriores un aposta firme pola defensa do medio ambiente, non so a eficiencia enerxética que se pretende reducir con este pacto, se non noutros aspectos medio ambientais, apoiamos a iniciativa que nos ven marcada por un pacto de Alcaldes a nivel europeo, é a liña que está seguindo Europa e Salceda vai facer todo o posible para que así sexa tamén.

**VOTACIÓN Sometida a votación a proposta do Sr. Alcalde, ésta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes á sesión; adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** A adhesión do Concello de Salceda de Caselas ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

**SEGUNDO:** Facultar ao Alcalde a representar ao Concello de Salceda de Caselas na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.

**Expediente 482/2019. Petición á Consellería de Educación para a homologación da titulación da Escola de Canteiros.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

**Sr. Alcalde:** Lee a proposta de Alcaldía que literalmente dí:

*“A Escola de Canteiros desde os seus inicios estivo situada dentro do Concello de Poio, esta Escola tivo dous emprazamentos, primeiro no Mosteiro de Poio e actualmente na Caeira. A Escola pertence i é xestionada pola Deputación de Pontevedra. A Escola de Canteiros ten xa case corenta anos de “vida” vinculada a nosa historia como pobo e a o noso legado patrimonial e cultural. Todo o noso territorio da mostra desta riqueza, non hai aldea, vila ou cidade, que non teña cruceiros, fontes, ou representacións arquitectónicas en pedra. desde os petróglifos do neolítico, ata a Catedral de Compostela e desde Asorey ata Leiro a pedra, o seu oficio e a arte de extraela e traballala forma parte de nós e da nosa riqueza material e inmaterial.*

*Os nosos canteiros e escultores/as tiveron e teñen o recoñecemento dentro e fora das nosas fronteiras, o Mestre Mateo e todos os canteiros que traballaron baixo as súa supervisión, as cuadrillas de canteiros nas que ían aprendendo o oficio os novos dos maiores, ou os/as novos/as escultores/as. Todos eles/as puxeron e poñen en valor un oficio e unha arte que si deixaramos esmorecer, finaría unha parte moi importante de nós como pobo.*

*A Escola de Canteiros creouse coa intención de por en valor o oficio de Canteiro, formar profesionalmente os/as estudantes e así poder ofrecerlle unha saída laboral para poder continuar coa nosa tradición do traballo na pedra e tamén ofrecer unha renovación a este oficio. A Escola de Canteiros imparte 5 anos de formación, comprende dous niveis de formación que expide dúas titulacións, unha aos tres anos de formación: Canteiro; e outra aos cinco: Mestre Canteiro. Cada curso comprende unhas 900 horas lectivas e impártense 9*



asignaturas. I.Canteiría de restauración de pedra. II. Escultura en pedra. III Modelado en barro e baleirado. IV Construción. V Debuxo liñeal. VI Debuxo artístico. VII Historia da arte. VIII Informática. IX Laboratorio.

Sobre 3.000 alumnos/as teñen pasado por esta escola. No seus mellores anos a escola tivo á redor de 90/100 alumnos/as. Nestes momentos conta tan só con 11 alumnos/as nos cinco anos. Aínda que a Escola de Canteiros ten recoñecido prestixio, os/as alumnos/as que cursan estes estudos vense cun problema moi grave ao rematalos. A titulación que se expide non é unha titulación homologada. Para facérmolos unha idea da pouca validez que ten, un curso do INEM de tres meses ten máis validez que as 4.600 horas de formación na Escola. Isto implica que cando os/as alumnos/as queren inserirse no sistema laboral galego, estatal ou internacional, estes cinco anos de formación non son válidos como acreditación dos seus coñecementos. No sistema laboral no que vivimos actualmente, ter unha xustificación acreditada dos estudos é imprescindible para a inserción laboral. Esta situación alongada no tempo esta facendo que a Escola, tendo unha grande infraestrutura e un orzamento anual de case un millón de euros, estea quedándose baleira de alumnos/as e coas instalacións infrautilizadas, con perigo de que remate pechada.

A situación da Escola nestes momentos é unha situación moi delicada, na que se corre o perigo de que quede sen alumnos/as como consecuencia de non ter unha titulación homologada. Creemos que sería unha grande perda e un grande erro que isto acontecese. Tanto para o Concello de Poio, que alberga a súas instalacións, como para Deputación que a xestiona, como, principalmente, para alumnos/as e o resto da sociedade galega que perdería un centro de formación recoñecido a nivel internacional.

Os alumnos/as e ex-alumnos/as da escola, constituídos/as en asociación, hai dez anos que veñen reclamando perante as institucións competentes a homologación da titulación. E quen ten a competencia en materia de educación e a Xunta de Galicia, a ela nos diriximos esta última vez, na Consellería de Educación contactando directamente co xefe de centros da Xunta e o director de FP, o cal nos aclarou que a Escola cumpre os requisitos para poder ter uns estudos homologados, tanto pola súa infraestrutura como polo seu encaixe dentro do INCUAL (Instituto Nacional de las Cualificaciones) A pesar desta resposta, a Xunta non ten dado nin un só paso para asumir a homologación da titulación da Escola de Canteiros.

Polo exposto, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas adopta o seguinte

#### ACORDO

1º) Instar á Xunta de Galicia para que esta inicie de inmediato as xestións necesarias a través da Consellería de Educación para a homologación da titulación da Escola de Canteiros nun título de ciclo medio e título de ciclo superior.

Que en dita homologación se estableza un mecanismo para que poida facerse efectiva a homologación das titulacións expedidas aos/as antigos/as alumnos/as.

2º) Trasladar o noso apoio á Asociación Homologar Canteiros Poio que solicita dita homologación.”

**Sr. Alcalde:** Hoxe temos entre os veciños/as de Salceda a un afectado por este tema, un mestre Canteiro de Salceda da Escola de Poio que pertence a Asociación de Canteiros que é Manolo Sestelo, o que ten a palabra:

**Manuel Sestelo:** Toma a palabra para explicar que están intentando que se homologue a titulación da Escola de Canteiros, que leva 40 anos funcionando, son mais de 4.600 horas de formación en 5 anos de cursos, segue dicindo que creen que a titulación correcta sería a dunha FP e que pase a formar parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. O día 4 do mes que ven hai Pleno na Deputación onde se vai levar esta moción, xa foi apoiado por unanimidade no Concello de Poio; agora esperar que sexa apoiada polos grupos políticos da Deputación para despois levar a petición ao parlamento.

**Sr. Rodríguez Davila:** É verdade que a Escola de Canteiros de Poio ten un prestixio moi importante, a día de hoxe hai persoas que saíron desa escola que están traballando en EE.UU ou no Vaticano. A Deputación sempre axudou desde a súa creación ao mantemento da mesma, este ano a Deputación baixou en pouco a asignación para esta escola, estamos totalmente de acordo coa petición que se está facendo para que esta formación de profesionais de cantería teña esa homologación a través da Formación Profesional, posiblemente se chegue conseguir o que aquí se demanda. O noso grupo a nivel local imos a apoiar esta iniciativa, e espero que na Deputación sexa apoiada unanimemente por todos os grupos, eu como deputado provincial o vou a trasladar ao noso grupo para que se sumen a esta petición.

**Sra. Tourón Domínguez:** Nos imos a mostrar o noso apoio, defendemos que se conserven os oficios, e que se deben apoiar desde a política e desde a sociedade. Dicía Manuel Sestelo que esta moción se presentou en Poio, en Salceda e se vai a presentar na Deputación, gustaríame saber si se presentou ou se vai a presentar noutros Concellos, creo que é importante que se estenda por toda a Provincia. Dicar que me sorprende a cantidade de horas de formación 4. 600 horas, cando hoxe en día hai ciclos medios e superiores que non chegan a unha quinta parte de horas. Dicar tamén que se a Deputación baixou as asignacións é porque tamén baixaron os alumnos.

**Sr. González Rodríguez:** Creo que ao non estar homologados os estudos está a levar a unha baixa de alumnos, pois se están cursando cinco anos e logo non son recoñecidos eses estudos para o mundo laboral no que estamos. Decidimos traelo ao pleno porque consideramos que son numerosos os canteiros que hai no noso Concello, somos terra de canteiras, é unha pena que sendo produtores ou tendo material no noso pobo ata poida haber falta de profesionais. Os ex-alumnos/as levan xa dez anos constituídos reclamando a homologación e a Xunta de Galicia xa vai sendo hora de que vaia recoñecendo esta petición. O noso voto vai ser a favor.

**VOTACIÓN Sometida a votación a proposta do Sr. Alcalde, está resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes á sesión; adoptándose o seguinte acordo:**

1º) Instar á Xunta de Galicia para que esta inicie de inmediato as xestións necesarias a través da Consellería de Educación para a homologación da titulación da Escola de Canteiros nun título de ciclo medio e título de ciclo superior.

Que en dita homologación se estableza un mecanismo para que poida facerse efectiva a homologación das titulacións expedidas aos/as antigos/as alumnos/as.



2º) Trasladar o noso apoio á Asociación Homologar Canteiros Poio que solicita dita homologación.

**Expediente 306/2019. Dación de conta de Intervención do cuarto trimestre de 2018: execución presupostaria, seguemento do plan de axuste, morosidade, período medio de pago.**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Dación de conta

O Pleno da Corporación queda enterado dos informes trimestrais.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**Dación de conta de decretos desde o 2018-1239 de 17 de decembro ata o 2019-0195 de 18.02.2019.**

O Pleno da Corporación queda enterado dos decretos desde o 2018-1239 de 17 de decembro ata o 2019-0195 de 18.02.2019.

## **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

**MOCIÓN: Presentada polo Partido Popular sobre xustificación asignación grupos políticos.**

Dase conta da moción que literalmente dí:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

*A xestión económica no ámbito dos Grupos Políticos ten que ser o máis transparente posible cara a sociedade. E no caso que se perciban asignacións económicas procedente de diñeiro público en forma de asignacións-subvencións é imperativo declarar e xustificar o seu uso final.*

*O artigo 73 da Lei 7/85 das Bases Reguladoras de Réximen Local recolle no segundo parágrafo do apartado 3 a posibilidade de asignar una dotación económica os grupos políticos, que no caso do Concello de Salceda de Caselas, está contemplado no orzamento Municipal. No mesmo artigo recóllese o seguinte:*

*"Os Grupos Políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación á que se refire o parágrafo segundo deste apartado 3, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida"*

*Se ben é certo que o Concello de Salceda non ten unha normativa específica actualmente que regule a contabilidade de ditas asignacións por parte dos Grupos Políticos, non é condición necesaria para a presentación e xustificación dos gastos imputables a estas axudas municipais no Pleno.*

*Incidindo no inicio desta exposición de motivos, como calquer outro grupo, asociación, entidade, etc., que perciben subvencións públicas, que perciben diñeiro público, e teñen que xustificar a súa finalidade fronte os organismos competentes, os Grupos políticos non poden ser menos, tendo en conta que o artigo 73 da Lei 7/85 LRBRL o recolle explicitamente.*

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte **MOCIÓN:**

- *Instar o Alcalde o inicio do expediente para a creación do regulamento que desenrole a contabilidade específica que deben levar os Grupos Políticos para xustificar as asignacións municipais percibidas.*
- *Instar o Alcalde a que requira os Grupos Políticos, que namentres non se dispoña do regulamento citado en vigor, deberán xustificar con facturas as asignacións percibidas nos exercicios 2015, 2016 e 2018 no próximo Pleno que sexa convocado, ordinario ou extraordinario.*
- *Instar o Alcalde a que non de orde de pago das futuras asignacións económicas desta índole, mentras os Grupos Políticos non xustifiquen as asignacións dos exercicios anteriores coas correspondentes facturas, presentadas ante o Pleno da Corporación, mentras se crea o regulamento mencionado."*

**Sr. Rodríguez Davila:** A razón que persigue esta moción é cumprir unha obriga legal e como se lle está esixindo os demais colectivos do noso Concello que xustifiquen onde van parar os cartos que perciben por parte do Concello a través das subvención nominativas, entendemos que tamén os Grupos municipais representados na Corporación Municipal deberíamos xustificar a onde destinamos os cartos públicos que percibimos por parte do Concello. Os grupos políticos percibimos unha cantidade fixa por Grupo municipal e tamén por número de concelleiros, neste caso Movemento Salceda percibe 2 600 €, o Grupo Popular 2 200 e o Grupo Socialista 1 211 €.

**Sr. Alcalde:** En aras da transparencia a día de hoxe cando faltan apenas tres meses para as eleccións e despois de haber aprobado isto no pleno de organización, qué razón motiva que de repente hoxe pola maña nos atopemos con esta moción? Como di a moción, non existe no Concello de Salceda un regulamento e como non existe regulamento existen Bases de Execución dos Orzamentos, e nas bases de execución no seu artigo 35 é bastante claro e foi así nos últimos 25 anos; hai unhas indemnización por razón de servizo que están reguladas nas bases de execución do orzamento municipal. Isto necesitaría informes técnicos e xurídicos pertinentes, e nós non estamos en condicións de analizar un tema que aparece no día de hoxe cando faltan tres meses para as eleccións e o lóxico é en base a ese pleno de organización, que na nova lexislatura se faga ese regulamento, e empecemos de cero. Dada a premura e que isto ten que ter os informes pertinentes que avalen o que plantexa o Partido Popular, o mais lóxico é que o deixemos enriba da mesa e na nova lexislatura se regule esta cuestión.

**Sra. Tourón Domínguez:** A verdade é que eu recibín esta moción agora ao entrar ao Pleno co cal tampouco tiven tempo de estudiala. Eu son a primeira que defende que haxa transparencia, onde invertimos os cartos da subvención que nos dá o Concello, por certo que falta por pagar a do ano 2017, estou de acordo que se faga o regulamento, mírolle algunha peculiaridade, no noso caso o partido PSdeG-PSOE de Salceda de Caselas traballa co CIF central, só traballamos con un,

a secretaria é consciente porque traballa toda España co mesmo, nós temos as medidas que nos pon o partido levamos contabilidade separada o Grupo Municipal da Agrupación, pedímoslle certificado todos os anos á Secretaria para o Tribunal de Contas, non digo que non haxa que facelo, simplemente que creo que hai que ter os informes pertinentes para facelo.

En relación co punto tres, creo que non traballamos todos en igualdade de condicións, por representación nós temos o que nos corresponde son 1 200 €, o Partido Popular 2 200 €. A nós o de instar ao Alcalde a que non de orde de pago cando a duras penas pagamos o alquiler do local porque non temos ningún local no Concello para desenvolver a actividade municipal, polo que o de instar ao Alcalde de que non ordene o pago das asignacións pendientes que xa están desde o 2017 incluídas as das concelleiras desde finais de 2017 tamén sen cobrar, pois me parece que non é traballar todos en igualdade de condicións. En aras da transparencia sumámonos a mellorar esa transparencia pero primeiro son os informes de Secretaria e Intervención, segundo na peculiaridade de como traballa o PSdeG-PSOE Salceda, igual que traballan os partidos socialistas doutros dos Concellos co CIF central, co cal entendo que a contabilidade a teñen que mandar desde Madrid ao noso Grupo é partidario de que haxa un informe, eu non vou a apoiar a moción, que non se malentenda, eu quero por suposto transparencia, pero non vou apoiar algo que non sei cal é a base e que cabo de recibir hai cinco minutos.

**Sr. Rodríguez Davila:** Aclarar que nós o que estamos pedindo é que non se pague aos Grupos non aos Concelleiros, que por certo levamos 2 anos sen cobrar. O que estamos dicindo é que non se pague aos Grupos Políticos namentras que os Grupos Políticos non avalemos con facturas e non xustificamos onde gastamos a asignación dos anos 2015, 2016 e 2018. Cando a Alcalde di que isto tiña que ser planteado ao inicio do mandando o que estamos planteando é precisamente que se xustifique o ano 2015, 2016 e 2018 polo tanto o mandamento completo, igual que os colectivos de Salceda, asociacións, clubs deportivos, centros culturais, etc. Que se xustifique onde se mete o diñeiro público. A sensación Alcalde é que vostede non quere xustificar onde emplea os cartos. O Partido Socialista polo que dixo non tería inconveniente, creo que hai que ser claro e polo tanto se recibimos unha subvención pública hai que xustificala. Ningún informe vai a ir en contra da lei, e a Lei está moi clara e polo tanto, se nos remitimos á Lei desde o ano 1985 está esa obrigação de xustificar o diñeiro público, aquí o que se vai a ver é esa intención política de querer xustificar a onde foron parar os cartos. As bases do orzamento o que regulan é a asignación, non a xustificación, aquí o que se vai a ver e si hai intención ou non si hai intención. Aquí todos sabemos que había que facelo, o que vemos é que cada día é máis difícil de xustificar polos colectivos do noso Concello a subvención que reciben, polo que nos parece xusto que os Grupos Municipais tamén xustifiquen a onde van parar os cartos públicos.

**Sr. Alcalde:** Ese problema terao o Partido Popular. En España hai un Tribunal de Contas que verifica as contas do Partido Socialista, as contas do Partido Popular e o resto de forzas políticas incluída a nosa. O Tribunal de Contas e o Consello de Contas están para iso e os que pedimos subvencións vinculadas aos resultados electorais ben o sabemos. Existen o Tribunal de Contas, o Consello de Contas existen os Tribunais, é certo que o Partido popular ten serias dificultades nos últimos anos de xustificar de maneira transparente, o caso Gurtel e todos os casos de financiación ilegal do partido que algún xuíz de Valencia xa definiu como organización criminal, outros non temos ese problema, e por certo aínda non me contestou á primeira pregunta: A que ven este afán de transparencia a vinte e

dous de febreiro de 2019? Votou unha retaíla, obviando que aquí non hai un regulamento, obviando que si desde o ano 1985 gobernou o PP ata o 2007, tiveron vinte e dous anos, Joaquín foi concelleiro do ramo durante oito, vinte e dous anos para avalar esa transparencia da que fai gala, están aprobados os orzamentos e as bases de execución. Comparar as asociacións, que son moi respetables, co que poñen as bases de execución do orzamento en base a un pleno de organización e en base 35. Repito, os partidos políticos estamos controlados polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas e é evidente que as asociacións non. Creo que o máis sensato, a non ser que me diga cal é a razón para que de repente lles entrara este afán de transparencia repentina a tres meses das eleccións, é que a partir do 26 de maio o Pleno faga un regulamento, haxa un compromiso, creo que en iso estamos todos de acordo e fagamos ese regulamento e ese control, e mentras tanto deixemos por un lado o Tribunal de Contas e o Consello de Contas que nos regula e por outro lado ás Bases de Execución en vigor que son bastantes claras e por certo, que foron avaladas a través do Pleno de organización por todos os presentes. Vir agora o 22 de febreiro con este tema, espero que me responda antes de votar a urxencia, polas razóns que dixemos, non é urxente e ademais sen que haxa os informes pertinentes e estudiemos a fondo este tema.

**Sr. Rodríguez Davila:** Cando un ten que ocultar algo non quere dar explicacións públicas, se vostede tivera os números clariños que problema ten vostede en xustificar? será que Movemento Salceda non é un Grupo Político? Igual é eso, e entón hai algo que esconder e non hai maneira de xustificar o inxustificable, e cando vostede lle esixe aos demais colectivos salcedenses que xustifiquen os cartos que reciben e vostede non quere xustificar o diñeiro que percibe o seu Grupo, aínda que un non queira ser mal pensado os veciños teñen que ser mal pensados e seguramente acertarán porque vostede non quere xustificar o inxustificable. A xustificación a ten na moción, está clariña na moción, os anos 2015, 2016 e 2018, polo tanto o mandato completo, é a petición que fai este grupo para que todos xustifiquemos onde metemos os cartos públicos no mandato 2015-2019, non poñemos a no 2019 porque non o cobramos igual que non cobramos o ano 2017.

**Sra. Tourón Domínguez:** Simplemente recalcar o que xa dixen, non temos absolutamente nada en contra da moción pero me parece que aprobar isto sen informes e sen nada máis, eu quero saber o que voto. Un moción destas características ten que ter unha cobertura dun informe de secretaria e de intervención para saber realmente como se debe materializar esta proposta.

**VOTACIÓN: Polo sr. Alcalde sométese a votación a URXENCIA da moción e o Pleno da Corporación Municipal, está resulta REXEITADA por CINCO votos a favor do do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, DÚAS abstencións das Concelleiras do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda.**

**ROGOS: Presentado polo Grupo Municipal PP: Mellora de camiño Costeira-Budiño.**

**Sr. Rodríguez Davila:** Presentamos ese rogo onde solicitamos a mellora do

camiño Costeira en Budiño que se meta dentro do Plan de Melloras de camiños municipais da Xunta de Galicia, é un camiño que dá servizo a unha casa cerquiña do restaurante Volante, está en mal estado desde hai moitos anos. Fago ese traslado veciñal ao Grupo de Goberno para que mellora ese camiño municipal na Costeira en Santo Estevo de Budiño.

**ROGOS: Presentado polo Grupo Municipal PP: Solicitud de retraso do inicio das obras na Rúa Compostela.**

**Sr. Rodríguez Davila:** Da lectura do ROGO:

*“O Grupo Municipal do Partido Popular é coñecedor, a traves das redes sociais, do inicio das obras de humanización da R. Compostela. Dita obra se financia a traves do Plan Concellos 2018 da Diputación Provincial, sendo a data de execución e xustificación o 31 de Decembro de 2020 .*

*A obra en cuestión, perxudicaría o normal funcionamento do actual Centro de Saúde (personas con mobilidade reducida .. etc). Por outro lado, na R. Martires de Sobredo, a Xunta de Galicia está a construír o novo centro de saúde, con prazo de execución do primer semestre de 2020.*

*Así, en aras de ocasionar as menores molestias posibles os usuarios do actual centro de Saude, e polo que éste Grupo formula o seguinte:*

*ROGO:*

*O Alcalde e grupo de goberno para que procedan a SUSPENSIÓN das obras de humanización da Rúa Compostela ata que se complete o traslado o novo centro de Saúde.”*

**Sra. Tourón Domínguez:** En relación coas preguntas, xa o dixen noutro pleno, e xa empeza a ser ata vergonzoso, que nos contesten dous meses despois e nin sequera temos as preguntas contestadas nós diante. Pasamos a que se contestaran momento a contestar dous meses despois por escrito, recibindo as contestacións no momento antes do pleno, e agora xa pasamos a que nin tan sequera temos as preguntas diante nosa, isto é totalmente vergonzoso.

**Sr. Alcalde:** en todo caso estou cumprindo o normativa.

**RESPOSTA DAS PREGUNTAS DO PLENO ANTERIOR.**

**Pregunta: O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Salceda de Caselas presenta a seguintes preguntas para a súa resposta ante o pleno.**

**CONCELLEIRA DE ENSINO.**

O 8 de xaneiro comezaron as clases xa coas obras rematadas e o 16 de xaneiro visitaron o CEP Altamira acompañando aos representantes da Consellería de Educación. Por que o comedor non tiña a accesibilidade ata hoxe? Quen costeou este novo paño?

*Como vostede é coñecedora, a Xunta de Galicia foi a encargada de executar as obras de mellora do comedor escolar, quedando a accesibilidade no punto que*

*tanto vostede como nós mesmos comprobamos, sen que a Xunta tivese a ben rematar o acceso a pesar de que se lle pediu desde o Concello, desde o colexio e desde a ANPA.*

*A solución que se está a levar a cabo estes días é asumida polo Concello.*

#### **CONCELLEIRO DE VÍAS E OBRAS.**

Nos últimos tempos arranxáronse e limpáronse diferentes camiños en Parderrubias.

Teñen pensado facer algunha actuación na estrada que vai desde o barrio da Presa ao cruce dos sete camiños? xa que a falta de limpeza deixa cada vez menos espazo para pasar os coches.

*Está previsto rectificar varias curvas de ese trazado, pero sempre dentro das posibilidades económicas do Concello.*

#### **CONCELLEIRA DE TRÁFICO.**

Instalaron novas sinais na rúa Coruña o luns 18 de febreiro, o martes 19 algúns veciños atopáronse con multas en vehículos que en moitos casos permanecían aparcados desde antes de poñer as sinais.

- Por que non se informou aos veciños antes da colocación das sinais?
- Que pensan facer con eses expedientes de infracción?

*O Concello mantivo varias de reunións de coordinación, entre elas, unha ca veciñanza da zona.*

*As sinais foron instaladas na semana do 11 de febreiro, e o día 18 de febreiro procedeuse a súa descuberta, deixando un día de marxe informativo antes de proceder á sanción por mal estacionamento.*

*Os expedientes de infracción efectuados pola Policía Local, seguirán os seus cauces habituais e se estimaran ou se desestimaran en función dos recursos presentados.*

#### **Pregunta: CONCELLEIRA DE BENESTAR SOCIAL.**

A empresa SOCISER está prestando en Salceda o servizo de Axuda no Fogar e desde fai xa algún tempo existe malestar entre moitas das traballadoras polas condicións nas que se atopan, xa que a empresa non cumpre o establecido no convenio.

- É vostede coñecedora desta situación?
- Comunicouse coa empresa ou pensa facelo para tratar de mediar neste tema para acadar unha solución?
- Vai exixir á empresa que cumpra coas súas empregadas as condicións legais establecidas no convenio laboral?
- Está previsto quitar de novo este servizo a concurso? De ser así, pénsase axilizar o procedemento para evitar que as traballadoras continúen nesta situación de precariedade?



*Esta Concelleira é coñecedora da situación, tanto desde o punto de vista das traballadoras que manifestan algún tipo de queixa, como das moitas traballadoras que nos trasladan o seu contento coa empresa, como desde o punto de vista da empresa coa que por suposto me reunín para coñecer de primeira man a situación.*

*A única esixencia que este Concello pode facerlle á empresa é a de cumprir co contrato que ten asinado co Concello, e que se está a cumprir en todos os seus puntos. En canto ás condicións do convenio laboral, cóstanos que a empresa cumpre na práctica totalidade co convenio colectivo do sector, se ben é certo que os grandes cambios que se produciron no servizo durante o último ano, cun notable incremento de horas, e cun maior peso dos servizos en domingo, complica este cumprimento, motivo polo cal a empresa trasladou a súa intención de non prorrogar o contrato.*

*O departamento de secretaría xunto co departamento de benestar social están xa a traballar no novo concurso para este servizo, que se sacará en canto os procedementos administrativos estén completados.*

## **PREGUNTAS:**

### **Sr. Rodríguez Davila:**

**1.-** Queriamos saber se o plan de evacuación, que nas últimas semanas tivemos noticias del a través dos medios de comunicación, foi unha iniciativa do Goberno por cumprir a lexislación ou foi unha obriga legal imposta pola inspección de traballo?

**2.-** Que criterios ten o Goberno, o Alcalde, á hora de encargar a persoas que se adican a facer libros, chámense historiadores? porque vemos que a mesma persoa se lle encargou elaborar o libro “do Caselas Fútbol Club”, os das “Bandas de Música”, o “Dr. Zunzunegui” a “Tradición oral en Salceda” e a última “Salceda republicana 1936” 2 200 € e resulta que a un centro cultural se lle dan 900 € para todo o ano. Que criterios segue vostede para asignar sistematicamente a mesma persoa o encargo deste tipo de obras?

**3.-** Nos parece ben que as árbores do noso Concello estean en condición óptimas e que se faga a súa poda anual, lle recordo que acaban de facer un gasto de 3.540€ pola poda das árbores da Praza do Concello e das pequenas árbores que hai na Avda. de Galicia, na Fernández Sestelo e na Victoriano Pérez Vidal, lle recordo que isto se facían con medios propios do Concello, polo que nos aforrariamos 3 500 €.

Vostede lle parece sensato seguir gastando esta cantidade cando se podería facer con medios propios?

**4.-** Hai veciños que logo de pedir unha licenza municipal para facer unha obra de peche nunha finca, depositan unha cantidade de cargos para a urbanización exterior desa parcela. Quero manifestar unha queixa dunha veciña de Parderrubias, de Maceira, que leva dous anos á espera de que o Concello urbanice o fronte da súa fachada porque meteu por rexistro en abril de 2017 a renuncia a que se lle devolverá os 800 € de depósito ¿Por que o Concello leva dous anos sen executar unha obra para a cal ten os cartos que a veciña aportou e xa ten

despositados nas arcas do Concello desde hai mais de dous anos?

5.- desde sempre, e nos últimos anos máis que nunca, os medios de comunicación tiveron unha axuda por parte dos Gobernos municipais importantes, e clama o ceo, a vostede lle parece sensato pagar a medios de comunicación factura de 4 000 € por publicade anual cando logo temos a nos veciños da Feira e do Barreiro que para facer as súas carrazoas lle asignamos 1600 €? ¿Está de acordo en seguir mantendo este tipo de axudas cando os colectivos teñen o que teñen?

6.- Logo de ter coñecemento da obriga que lle impuso o Tribunal Supremo ao Concello a pagar o importe interpuxo reclamación pola sentenza que deu lugar a ocupación do terreo detrás da Praza de abastos, os famosos 25 metros, vai vostede pagar do seus cartos, do seu peto ese custe? porque a sabendas de que ía perder a vostede lle deu igual recorrer ao Tribunal Supremo unha sentenza firme? Por que vostede neste pleno municipal dixo que esa setenza firme era un erro xudicial e entón había que recorrela ao Tribunal Supremo e resulta que ese xuízo nos custou 56 000 € a maiores dos 25 000 €. Vai pagar vostede do seu bolsillo co custe desa sentenza?

7.- Cando ten pensado entregar a este Grupo a documentación que desde fai case un ano, desde o 29 de maio presentamos con respecto de facturas dun proveedor que traballa para o Concello. Cando vai vostede entregar a documentación que este Grupo leva solicitado desde o mes de maio do ano pasado?

**Sr. Núñez Troncoso:**

1.- Con respecto da publicación no DOGA do 23 de xaneiro dunha orden da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda onde contempla unha bonificación do 10 % do canon pola xestión dos residuos domésticos ou urbanos, pasando a tonelada de 69,83 € a 62.93 €, o que sería un beneficio que repercutiría na minoración dos recibos dos veciños, solicitaron esa bonificación?

2.- Con respecto ao inventario de bens municipais que se aprobou hai un mes, quería saber se o Alcalde ou o equipo de Goberno detectaron que se quedou sen inventariar algunha finca, algún inmovible, un edificio, teñen constancia de que quedara algún inmovible atrás? Comprobando o rexistro vemos que o día 12 de xaneiro entrou unha factura no Concello, e o concepto que pon e o seguinte: “limpar cristal en local Concello en parque Aragonta”, non será o local de Movemento Salceda?

**Sra. Tourón Domínguez:** Dixo que se reuniu cos afectados da obra que se esta a facer, pregunta: Se reuniu cos afectados de toda a zona o só cos da rúa Compostela?

**Sr. Rodríguez Davila:** Para que conste en acta, dicir que o noso Sr. Alcalde toma a cachondeo que un Grupo Político presente unha factura con cargo ao Concello e lle da igual, cando estamos falando de cartos públicos.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**